


# Poesía ferida e ferinte

VICENTE ARAGUAS



**OBRA REUNIDA, 1994-2008**  
VERÓNICA MARTÍNEZ  
Ediciones Amargord, Madrid,  
2013.

# V

erónica Martínez (Valdoviño, 1976) é autora coñecida no ámbito da poesía galega. Coñecida, digo, mais –se cadra– non tan recoñecida como debiera. Talvez porque se move no terreo das voces, que non dos ecos, o que implica unha evidente peaxe, por un lado, polo outro porque non é deses poetas (xénero epiceno, paréceme) que andan a cacarexar as súas poéticas, nun movemento con tino e voraz, que aquí (e en Madagascar seguro que tamén) é o que produce rendementos a primeiro prazo. Logo, o futuro, será o que peneire canto sexa, ou deba ser, matizáble.

Mais o certo é que Verónica Martínez, que é do que se trata, vai trazando unha ruta, esta si perfectamente recoñecible, con sete libros xa na súa fálchoca ou fardel (ou alxibeira), que veñen de recompilarse nun volume, en edición bilingüe, prologado por Luis Luna, que se chama Obra reunida, 1994-2008 (Ediciones Amargord, Madrid, 2013).

Un libro, aclaro, voluminoso, mais que polo coitado da súa feitura, dunha beleza económica-mente expresiva, resulta moi atractivo e manexable. Así que

“...Verónica Martínez vai trazando unha ruta, esta si perfectamente recoñecible, con sete libros xa na súa fálchoca ou fardel, que veñen de recompilarse nun volume...”

para quen se faga co libro todo van ser vantaxes. Sobre todo, sen dúbida, polo seu contido. Para quen xa coñeza á poeta porque se vai poñer ao día de “toda” a súa obra. Para quen non porque vai entrar nun mundo poderosísimo na súa nudez, poisque Verónica ao operar baixo os límites habituais, procurando contención e densidade expresivas, atrapa ou engancha á primeira.

Con efecto poucos poetas hoxe, dentro ou fóra de Galicia, posúen esta facilidade de expresión, esta maneira de contar as cousas baixo

corda, mais bulindo riba dela coa forza do funámbulo que Verónica desenguedella na súa poética. Poética, digo, mais que anuncia unha capacidade narrativa, tamén para acadar o “pathos”, que Verónica Martínez deberá traballar, se é que non o está facendo xa.

Historias de amor, de destertos, de desamor, de violencia (con que delicadeza enérxica espalla diante de nós esas agresividades xenéricas que son o pan cotián nun país onde o machismo é flor de moitos días, por desgraza), as que se moven neste libro, polo demais móbil, que vai explicando na súa evolución o progreso (entendendo este como camiño, á maneira do peregrino aquel de John Bunyan) da Verónica Martínez, escritora. Unha poeta que veu aquí para ficar, que o vai facendo pasenllo, desde unha posición non nada confortable, máis ben tocada polo desasosiego, por ese desacomgo que existe ao lector, de poesía, ese ser tan especialísimo, que se molle e comprometa. Diante dunha poesía, como esta, ferida e ferinte. Se cadra porque como di Verónica, en moi certoiro poema: “De súpteo/ quedei/ soa,/ nun campo ermo,/ cun par de maletas/ nas que non cabía/ toda a dor/ que debía transportar”. Exactamente.